

**ISAAC OTERO**

# O SORRISO DE GARDEL

VII Premio de Novela Galega  
«Eduardo Blanco Amor»



**gotelo blanoo**

**1987**

	Páx.
<b>OFRENDA . . . . .</b>	<b>9</b>
<b>PRIMEIRA PARTE . . . . .</b>	<b>13</b>
<b>CAPÍTULO I . . . . .</b>	<b>17</b>
» II. . . . .	23
» III . . . . .	33
» IV. . . . .	43
» V. . . . .	53
<b>SEGUNDA PARTE . . . . .</b>	<b>67</b>
<b>CAPÍTULO VI. . . . .</b>	<b>71</b>
» VII . . . . .	79
» VIII . . . . .	89
» IX . . . . .	99
» X . . . . .	105
» XI . . . . .	113
» XII . . . . .	125
» XIII . . . . .	135
» XIV . . . . .	147
» XV . . . . .	153
» XVI . . . . .	165
» XVII . . . . .	183
» XVIII . . . . .	189
» XIX . . . . .	203
» XX . . . . .	217
» XXI . . . . .	235

	Páx.
<b>TERCEIRA PARTE . . . . .</b>	<b>245</b>
<b>CAPÍTULO XXII. . . . .</b>	<b>249</b>
»    XXIII. . . . .	259
»    XXIV. . . . .	277
»    XXV. . . . .	291
»    XXVI. . . . .	299
»    XXVII. . . . .	307
<b>COLOFÓN . . . . .</b>	<b>313</b>
<b>GLOSARIO . . . . .</b>	<b>315</b>
<b>MAPAS . . . . .</b>	<b>329</b>
<b>NOTICIA PERIODÍSTICA . . . . .</b>	<b>333</b>
<b>TÁBOA . . . . .</b>	<b>337</b>

# I

Cando eu vivía na Arxentina, a cotío pensaba que en Galicia sagrada a chuvia era sempre. Cando chove acolá temo-lo costume de facer buñuelos, acá filloas, ou tortas fritidas para acompaña-lo doce acougo que nos agasalla o mate, sobre de todo no campo ou nos cativos pobos perdidos na Pampa, onde a teimuda chuvia non dá lugar para máis nada. O mate pasa sumiso, amigo, de man en man, e o seu xirar ó unísono das agullas do reloxio vai marcando as longas e tediosas horas da chuvia.

Hoxe é un día moi especial para min, bastante cheo de melancolía e, dę yapa, chove e chove e chove. Eu non quero racha-la miña tradición, e xa teño preparada unha linda fonte de tortas fritidas, mentres agardo por Isaac, tan gaucho coma galego, que no meu país así diríamos, quen fixo que a miña vida se mudara dun insólito xeito. Porque el xa está afeito ó mate case máis ca min, e teño que reconécelo para a miña fortuna. E se así non fora, pola memoria de miña nai, de seguro que non sería nin o meu amigo nin tampouco o meu amor. Outros cultos había dentro dę min para lle ofrecer; mais un era superior ás miñas forzas. Un severo nome, inmortal e glorioso, unha teimosa sombra que do meu destino sen pausa e sen presa turraba. Era o inmaculado nome de Carlos Gardel.

Grave era a miña teima dende que ós catorce anos miña nai presentou na nebulosa dos meus ollos o episodio que, andando o tempo, se convertiría nun insondable misterio. Dicía eu que moi especial para min era este día, hoxe, vintecinco de maio, data patria no meu país. Seica naquel día do ano 1810 chovía a eito tanto coma o día de hoxe, aquí, na terra galega, cando menos polo que eu vin nos antigos grabados da época: toda a xente atopábase diante do Cabildo, acugulada de paraugas, coreando aquela histórica frase de «O pobo arela saber de que se trata». O primeiro berro de liberdade nacera, cando French e Berutti andaban a repartí-las escarapelos de cintiñas branquicelestes, cores azuis e brancas que, ó parecer, naquel intre eran as únicas que a man tiñan, as que hoxendía camporean na nosa bandeira nacional. Máis tarde, o xeneral Manuel Belgrano levaría aquelas simbólicas cores para funda-lo pavillón noso á beira do Paraná, na provincia de Santa Fe, onde escintila a saudosa cidade de Rosario, que cobexa aquela prístina bandeira nun belido monumento.

E eu acá, matinando neste serán de Galicia, a voltas co máxico exercicio —sabio e metafísico— de ceba-lo mate, fitando a perpetuidade esta bombilla que meu pai tanto amara, bombilla de prata aloumiñada polos sempre paternos e lenes beizos; puro, exacto centro de soñadas e benditas cavilacións de antano. E a miña bandeira —¡quen puidera sospeitalo!— coas mesmas cores que cantan e iluminan a bandeira galega, agás unha pequena diferencia: que se atopan ó revés ou, como dicimos nós, ó vesre, dito sexa nun bo lunfardo.

O meu Carliños Gardel está a carón de meu pola gracia deste pasa-cassettes, ceibando a súa canción:

*El sol del veinticinco  
viene asomando  
y su luz sobre El Plata  
va reflejando.*

A verdade, meu Carliños, que queres que che diga: esta impenitente chuvia non me deixa olla-lo sol sequera fose no Plata, nin tampouco nesta repousada Ría de Vigo que semellara, lembrando aqueles meus mares arxentinos, máis un lago ca un océano. Mais, menos mal que comigo estás, cos meus tristeiros pensamentos, e eu ben o sei, ti perdoas todo, e eu desexo perdoar-que todo. Tan só con oirte cantar, xa está, o sol sae e esplende, haxa lóstregos, haxa trebóns, haxa a túnica noite, mesmo se produza unha eclipse. Tan soamente cómpre que ti cantes, e xa habita o sol no meu corazón, neste amargo mate que, moi de vagar, vai arrolando as serodias horas, os segundos puros da tarde, mimándome as mouras agullas do meu abafante peito.

¡Ai, se meu pai me ollara dende alá arriba, dende o Alén! ¡E de seguro que me verá! Ben puidera dicirme: «¿Que estás a facer aí, en Galicia, en Vigo, e non nas vellas terras de Guipúzcoa, en Ataun, onde eu nacín? ¿Que estás a facer, aí, Pocho? Xa que te fuches a España, ¿por que non á miña terra vasca?». Entón eu se cadra diríalle: «Irei, papucho, irei. Acá me ten un segredo que hai entre miña nai e eu».

Así, «Pocho», chamábame meu pai, e supoño que sería por se-la benxamina dos seus fillos, logo de catro varóns e sete «chancletas». E naturalmente, con boas razóns, cobizaba que o doceavo fillo fose varonciño para, ó menos, equilibra-la balanza da xenerosa e apostólica proxenie. Non obstante, non foi así, e dese xeito acadei facerlle a primeira